

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 2 de xuño de 2023

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 02/06/2023
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 02/06/2023.
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Memoria definitiva de modificación da titulación “Máster Universitario en Enxeñaría de Minas”
- V. Rexistro R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2021-2022)
- VI. Rexistro R1-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANAE) do centro para o curso 2023-2024

Ábrese a sesión ás 12 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 28 de abril de 2023.**

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola, de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

2. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

3. **Aprobación, se procede, da memoria definitiva de modificación da titulación “Máster Universitario en Enxeñaría de Minas” e documentación complementaria.**

A Directora lembra que a memoria provisional foi aprobada fai un mes e sinala que, tralo período de exposición pública, non se presentou ningunha alegación (nin da área de calidade, nin da Vicerreitoría correspondente, nin da comunidade universitaria). Aclara que a documentación complementaria refírese a Memoria xustificativa e a Memoria económica que, aínda que non teñen sentido nunha modificación, é obrigatorio presentalas.

Sinala que a memoria definitiva (ANEXO IV) conta co visto bo da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas e da Comisión de Calidade. A moso o documento e comenta os principais cambios introducidos indicando que, fundamentalmente, consisten na corrección das erratas atopadas e na introdución da información que quedara pendente na memoria provisional (materias optativas, etc.).

Salienta a problemática relativa a adscrición do ámbito de coñecemento, dado que na listaxe actual a titulación non encaixa en ningún ámbito. Ademais está en proceso de modificación a normativa estatal, polo que se esperará a ver se a listaxe nova resulta máis apropiada para a adscrición da titulación.

A Xunta de Escola aproba a memoria por asentimento. A directora agradece o traballo realizado pola CAM no proceso de elaboración da memoria.

4. Aprobación, se procede, do rexistro *RI-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2021-2022)*.

A Directora lembra que o documento (ANEXO V) se achegou previamente aos membros da xunta de centro e salienta a súa importancia.

A continuación comenta a estrutura xeral do informe, que é a mesma dos anteriores, e sinala os seus principais aspectos. Comenta que hai parágrafos marcados en amarelo que corresponden a cuestións de tipo técnico pendentes de resposta externa ou a indicadores non dispoñibles no portal de transparencia da UVIGO ou non adecuados á realidade dunha das titulacións e pide a delegación na dirección para a súa redacción final.

Indica tamén un erro na compilación da listaxe das novas, que recolle algunhas que non teñen relación directa coa actividade do centro; trala selección correcta quedarían 46.

A continuación sinala os principais indicadores, comentando os seus datos e facendo unha breve análise de cada un dos epígrafes. Destaca os datos de inserción laboral correspondentes ao último estudo dispoñible.

GERME: salienta unha pequena melloría en varios indicadores (taxa captación -aínda que segue a ser baixa-, nota media acceso e satisfacción coa titulación, entre outros). Non se identifican cuestións importantes novas pero engádese unha acción de mellora para solicitar/insistir formalmente na necesidade da correcta xestión do profesorado da titulación nas EAD, aproveitando a implantación do novo sistema de xestión académica (SIGMA).

GEE: sinala que melloran algúns indicadores pero hai peores resultados nas enquisas de satisfacción (cabe indicar que a promoción enquisada é a que máis sufriu as restricións derivadas da pandemia). Indica que tamén é difícil valorar algunhas opinións negativas cando non houbo ningunha QSP e non se teñen identificadas no centro problemas importantes neste curso. Non obstante, haberá que facer un seguimento específico da titulación nos indicadores que empeoraron. Indica que se declara unha acción de mellora que ten como obxectivo potenciar de xeito específico a divulgación/captación para o GEE e a súa visibilidade ligada ao centro.

MUEM: a titulación ten moi bos resultados, salvo a limitada captación.

Finalmente indica as conclusións do informe e os acordos acadados.

Trala exposición por parte da directora do contido do documento ábrese unha quenda de intervencións.

Javier Vijande pregunta sobre a táboa de cualificacións porque ten dúbidas de que sexa correcta. Guillermo García indícalle que debe ter en conta que as táboas recollen por separado as cualificacións das dúas titulacións de grao; suxírelle que as revise e que se atopa algún erro que o comunique canto antes.

A Xunta de Escola aproba o documento por asentimento.

A directora agradece a Guillermo García e a Carmen Romo o traballo realizado.

5. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A directora indica que está pendente de aprobación o rexistro *R1-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro* para o curso 2023-2024 (ANEXO VI). Cede a palabra a Ángeles Domínguez, Coordinadora do PAT-ANEAE, quen sinala que o documento é similar ao aprobado no curso anterior, recollendo uns pequenos axustes, eliminando a parte relativa ao desaparecido MEET (mentores, formación...) e actualizando os nomes das persoas titoras e os formularios das enquisas (anexos IV - A, B e C do documento). Pide a delegación na dirección para a corrección de posibles erratas que se detecten e a adaptación do documento a un formato cunha mellor accesibilidade.

A Xunta de Escola aproba o rexistro por asentimento.

6. Rogos e preguntas.

Carmen Pérez pregunta cando se achegará a información relativa á elaboración das guías docentes. A directora responde que xusto neses intres estase a celebrar unha reunión convocada pola Área de Calidade da UVIGO para explicar como afectan á elaboración das guías docentes o RD822/2021 e o Regulamento sobre Avaliación da UVIGO. Engade que, probablemente a próxima semana, convocará ás persoas coordinadoras de materias a unha sesión informativa sobre este tema.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 12 horas e 51 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dous de xuño de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 02/06/2023

Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o venres 2 de xuño 2023, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 28 de abril de 2023.
- 2) Informe da Directora.
- 3) Aprobación, se procede, da memoria definitiva de modificación da titulación “Máster Universitario en Enxeñaría de Minas” e documentación complementaria.
- 4) Aprobación, se procede, do rexistro *R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2021-2022)*.
- 5) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- 6) Rogos e preguntas.

Vigo, 26 de maio de 2023
O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-7f1c-7bdf-680a-faad-a81c-e01b-5154-8c1b

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 26/05/2023 10:50 | NOTAS : F



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 02/06/2023

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA 02/06/2023

Profesorado

1. Elena Mercedes Alonso Prieto
2. Francisco Javier Deive Herva
3. José Bienvenido Díez Ferrer
4. Ángeles Domínguez Santiago
5. Pablo Eguía Oller
6. Fernando María García Bastante
7. Guillermo García Lomba
8. Eduardo Giráldez Pérez
9. Elena González Rodríguez
10. Eduardo Liz Marzán
11. Raquel Pérez Orozco
12. María Carmen Pérez Pérez
13. Juan Jesús Rico Fuentes
14. M^a Teresa Rivas Brea
15. Ana María Rodríguez Rodríguez
16. Javier Taboada Castro
17. José Benito Vázquez Dorrió
18. Javier Vijande López

Alumnado

19. Alejandro Casal Barreiro
20. Santiago Domínguez Blanco
21. Mateo Salgado Díaz

Persoal de Administración e Servizos

22. M^a Carmen Romo Pérez

Desculpan a súa ausencia

- Leandro Rafael Alejano Monge
- María Araújo Fernández
- Pedro Arias Sánchez
- Andrés Elías Feijoo Lorenzo
- María Iciar Goicoechea Castaño
- David Patiño Vilas
- Carmen Alonso Pérez

ANEXO III

[Informe da Directora](#)

ANEXO IV

Memoria definitiva de modificación da titulación “Máster
Universitario en Enxeñaría de Minas”

ANEXO V

Rexistro *R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección*
(*curso 2021-2022*)

ANEXO VI

Rexistro *R1-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás
necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro
para o curso 2023-2024*